PETITE MAMAN
[Céline Sciamma, 2021, Francia, 72', VOSE]
Lingua **Francés**
Dirección e guión **Céline Sciamma**
Fotografía **Claire Mathon**
Montaxe **Julien Lacheray**
Música **Jean-Baptiste de Laubier**
Elenco **Gabrielle Sanz, Joséphine Sanz, Nina Meurisse, Margot Abascal, Stéphane Varupenne.**
Produción **Lilies Films, MK2 Films**
Distribución **Elástica FIlms**

Nelly ten oito anos e acaba de perder a súa avoa. Mentres axuda aos seus pais a baleirar a casa en que a súa nai medrou, explora con intriga o bosque que a rodea, onde a súa mamá adoitaba xogar de cativa. Alí, Nelly coñece outra nena da súa idade e a inmediata conexión entre elas dá paso a unha preciosa amizade. Xuntas constrúen unha cabaña no bosque e, entre xogos e confidencias, desvelarán un fascinante segredo.

Donostia 2018 (Premio da Xuventude)
BFI London Film Festival 2018 (Nomeado ao Premio Sutherland)

NOVEMBRO • 20:30 h • Teatro Principal

LUNS 22 ***CON EL VIENTO*** (Meritxell Colell, 2018, 108')

MARTES 30 ***UNHA PASTELARÍA EN TOKIO*** (Naomi Kawase, 2015, 113')

www.facebook.com/cineclubepontevedra • cineclubepontevedra.blogspot.com
twitter.com/CineclubePo • instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · Xacobeo 2021 · XUNTA DE GALICIA

FS#156
16.11.2021

PETITE MAMAN

CÉLINE SCIAMMA

CINECLUBE PONTEVEDRA

NOTAS DA DIRECTORA

A historia de *Petite Maman* ocorréuseme mentres escribía *Retrato da moza en chamas*. A súa sinxeleza e obviedade visitábanme regularmente e soñaba con ela de cando en vez, coma un futuro moi tenro e seguro. Dese xeito, o filme medrou discretamente e comecei a escribilo ao final da xira internacional de *Retrato*... O primeiro confinamento detívoo todo. Cando volvín abrir o arquivo en xuño coa idea de retomar a escrita e descubrir a primeira escena do guión (o adeus dunha cativa aos residentes dun fogar de anciáns), pensei que o filme aínda era relevante e que, se cadra, agora era mesmo máis urxente. As crianzas experimentaron unha impresionante avalancha de convulsións e retos colectivos nos últimos anos. Aínda que a clase política nunca se dirixise oficialmente a elas, experimentaron e entenderon todo. Paréceme fundamental incluílas, darlles protagonismo, miralas e colaborar con elas.

O filme baséase nunha idea moi simple: o encontro e a amizade entre unha nena e a súa nai infantil. Exploreina e contempleina coma se posuíse algún poder máxico. Sentín que estaba a pensar nun novo modelo de situación, que lle pertence a todo o mundo e da que ía ofrecer a miña interpretación íntima. Imaxinarse nunha relación cun dos teus pais sendo cativo é unha situación coa que todos podemos xogar, soñar sobre a nosa propia historia, extraer novas sensacións ou imaxes dela, confirmar ou reinventar unha relación. É infinito coma mecanismo de intimidade. Gustoume moito traballar sobre esta idea, foi conmovedor e divertido.

Petite maman é unha nova aproximación ás historias de viaxes no tempo. Unha viaxe íntima onde o que está en xogo non é o futuro nin o pasado, senón o tempo compartido. Unha viaxe sen máquina ou vehículo. É o filme o que sería a máquina; máis precisamente, a montaxe. Un corte teletransporta e une as personaxes.

Facer esta elección dun cinema máxico é entregarse a un grande exercicio de precisión nunha cartografía que é imaxinaria. Tiña a sensación, sen experimentala realmente, de que a rodaxe en estudio sería o campo de xogo perfecto para este filme. A lóxica do estudio veu reforzar esta idea dun cinema primitivo e confiado ás súas eternas ferramentas. É moi estraño que un filme caiba nunha caixa á que entramos por unha porta. É algo que me resulta moi xoguetón.

O estudio permitiu a creación dunha casa personalizada e mergulleime nesa oportunidade que brinda ter o máximo nivel de intervención posible. Reflexionar até sobre os interruptores. A beleza de construír un decorado reside en que todos os oficios participan e estendemos o ámbito da conversa a medida que estendemos o ámbito da intervención. A miña discusión coa directora de fotografía, Claire Mathon, incluíu as alfombras, o tamaño das xanelas e os papeis das paredes, que inventamos dentro da carta de cores do filme. O traballo de construción é apaixonante porque involucra todos os aspectos da dirección. É o ritmo dun *travelling* ou dun personaxe o que está en xogo cando decides a profundidade dun corredor. É o son das pisadas o que implican os revestimentos do chan.

Tiña moitas ganas de inventar un espazo partindo do recordo dos interiores franceses da segunda metade do século xx. Mais o filme tamén está cheo de detalles íntimos. Así, reconstituín os espazos onde viviron as miñas avoas, fusionándoos. Os exteriores están filmados na cidade de Cergy, onde eu medrei, e tamén intervimos moito neles. Tiñamos un herbario permanente e infinito para adornar o bosque cun outono extravagante, segundo os nosos desexos. Encantábame ver os adultos construíndo unha cabaña e tirando follas de outono ao chan no bosque da miña infancia.

O filme non se sitúa nun momento específico. Quero que un neno de 2021, e tamén un dos 50, 70 ou 80, poida proxectarse nos espazos do filme. Fabricamos un tempo común durante varias décadas. O traballo de vestiario foi decisivo. Comeceino moi cedo, por escrito. Investiguei fotos dos suburbios parisinos dende os anos 50 até hoxe, procurando o armario universal infantil dunha xeración á seguinte, até a moda infantil real de 2020. Esta reflexión sobre o vestiario impulsounos a renunciar a calquera forma de pátina ou diferenza pantasmal entre as casas do presente e do pasado. Mesmo dentro do filme non hai sentido do tempo.

Mentres escribía, preguntábame: se me atopase coa miña nai cando era nena, sería a miña nai?, non preferiría ser a miña irmá?, a miña amiga?, ou todo á vez? Estas preguntas provocábanme unha vertixe que falaba da confusión central do filme. É aí onde xorde esta idea: nai e filla poderían estar interpretadas por dúas irmás. O anuncio publicado polo director de casting, Christel Baras, mencionou este criterio e recibimos a candidatura de Joséphine e Gabrielle Sanz, con quen axiña atopamos o xeito de traballar. Querían facer o filme e os seus pais querían apoialas nesta historia que os conmovera.

Coma sempre, no meu traballo con cativos, todo se fixo no set. Sen ensaios, mais si cun encontro para afrontar os retos da posta en escena cada día. Isto é un xesto de confianza radical na seriedade e talento dos pequenos. Requírese moita preparación previa para os dirixir, proque os tempos de rodaxe son lexitimamente reducidos para os nenos e iso implica unha extraordinaria concentración no momento.

Notas da directora facilitadas por Elastica Films. Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.